CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia
CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela
77.- TMARE

Sello o Certificación Mecánica

| Documento | Expediente | Fecha |
| --- | --- | --- |
| CMG12I111 | CON/1/2018 | 08-06-18 11:26 |

Número 7 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación das "Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso a Busto: cruce de Chorente - Neiro (POS+OBRASSUM/2017)".

Destinatario

15078DCMG12I1110

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 08 de xuño de 2018 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 7 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DAS "OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO VIARIO DE ACCESO A BUSTO: CRUCE DE CHORENTE - NEIRO (POS+OBRASSUM/2017)".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 1 de xuño de 2018, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2018/314 de data 6.6.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal,** concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "*Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso a Busto: cruce de Chorente - Neiro (POS+OBRASSUM/2017)*", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos das Administracións Públicas, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017.

**EXPÓN:**



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

Primeiro: Con data 15 de maio de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ALCOMTE GALICIA SL.

Segundo: Con data 31 de maio seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, F. GOMEZ Y CIA SL, OBRAS GALLAECIA SL e OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ALCOMTE GALICIA SL (CIF: B15648223), por un importe de **82.644,63 euros** (IVE aparte 21%: 17.355,37 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a contratación dun traballador desempregado a xornada completa durante todo o tempo de duración da obra.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e portos do servizo de obras e proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 45400 61900.**"

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, F. GOMEZ Y CIA SL, OBRAS GALLAECIA

SL e OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

Segundo: Adxudicar o contrato de "Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso a Busto: cruce de Chorente - Neiro (POS+OBRASSUM/2017)" a favor da empresa ALCOMTE GALICIA SL (CIF: B15648223), por un importe de **82.644,63 euros,** (IVE aparte 21%: 17.355,37 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a contratación dun traballador desempregado a xornada completa durante todo o tempo de duración da obra.

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e portos do servizo de obras e proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 **45400 61900.**

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

SECRETARÍA CONCELLO DE SANTIAGO

**Asdo:Xan Xesús Duro Fernández**



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org